

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de febreiro de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a 1ª prórroga do contrato dende o 28/02/2026 ata o 27/02/2027 na contratación da subministración - mediante aluguer - e retirada de valos para as actividades culturais. exp. ref. 2024/C004/000034.

Tamén se acorda a 2ª prórroga do contrato dende o 20/02/2026 ata o 19/02/2027 na contratación do servizo de mantemento, subministración de consumibles e reparacións dos sistemas de reprodución e impresión do Concello de Lugo. Exp. ref. 2023/C003/000024.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do obradoiro artesanal de dinamización de encaixe de bolillos e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2026/C003/000002.

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local que resolve o recurso de reposición referente á modificación da base impoñible empregada no cálculo da liquidación provisional 12591405 da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac2268587188582731145.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-2-2026

3. PERSOAL.- Acórdase a designación dos/as membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de técnico/a medio/a de xestión, en quinda de promoción interna (OEP 2023).

Tamén se acorda a designación dos/as membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade de dúas prazas de adxudicador/a sociocultural, en quenda libre (OEP 2023).

Así mesmo, acórdase a permuta de destinos dun funcionario da policía local do Concello de Lugo e un funcionario da policía local do Concello de Santiago de Compostela.

Do mesmo xeito, acórdase a execución da sentenza 00267/2025 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo relativa á demanda presentada por una traballadora municipal.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.